



## BANDO

**D. RUBÉN QUINTAS RODRÍGUEZ, ALCALDE-PRESIDENTE DO  
CONCELLO DE MACEDA (OURENSE),**

### **FAGO SABER:**

A Secretaría Xeral da Igualdade convoca **axudas destinadas a fomentar o asociacionismo e a participación das mulleres.**

**Entidades beneficiarias:** Asociacións de mulleres e federacións constituídas por estas, sen ánimo de lucro, legalmente constituídas e con domicilio social en Galicia que cumpran os seguintes requisitos:

- a) Estar inscritas na área de igualdade do Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais (RUEPSS).
- b) Contemplan entre os seus fins e obxectivos a promoción da igualdade entre homes e mulleres e o fomento da participación e a presenza das mulleres na vida política, económica, cultural e social.
- c) As mulleres socias deben representar, polo menos, o 90 % da totalidade das persoas asociadas, tanto no caso das asociacións como das federacións.

**Contía máxima das axudas:** 3.000 €.

**O prazo de presentación de solicitudes remata o 19 de maio de 2017**

*Máis información: CIM (tlf. 988463554), DOG nº 75 do 19 de abril.*

Maceda, 21 de abril de 2017

